

NOME DA ACTIVIDADE

- **Da imaxe á palabra**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN GRUPO**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Interacción entre os membros do grupo.
- Desenvolvemento de distintas capacidades: descrición efectiva, imaxinación e creatividade na produción de diálogos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado sexa consciente da importancia da precisión na expresión oral.
- Que o alumnado desenvolva construcións imaxinativas e orixinais de diálogos a partir unicamente de indicacións contextuais.
- Que o alumnado reflexione sobre a pluralidade dos produtos creativos obtidos.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- O docente pode traballar con calquera autor de banda deseñada que cree en galego.
- Non é preciso presentar a historia enteira, senón que se poden facer pequenas adaptacións para que non resulte longo de máis.
- É importante que a persoa escollida para facer o papel de cámara teña facilidade de palabra xa que así facilitarase que a actividade sexa dinámica.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente distribuirá o alumnado en grupos.

En cada un dos grupos deberá haber alguén encargado de describir unha viñeta que os outros dous membros do grupo non poderán ver. Esa persoa será o “cámara” (o que describe), e o resto dos compoñentes serán os “guionistas” (os que imaxinan un posible diálogo).

Cada un dos guionistas debe elaborar diálogos para as escenas que vai describindo o cámara. Para este proceso deixaráselles arredor de 15 min.

Unha vez transcorrido ese tempo farase unha posta en común en cada grupo na que o cámara debe decidir quen se aproximou máis ás imaxes da banda deseñada.

Logo de determinar o mellor diálogo de cada grupo pasarase á súa posta en común para decidir, agora entre todos, quen foi o cámara que mellor describiu as imaxes que lle tocaron.



